 XUNTA DE GALICIA	PLAN CAMGAL	Anexo
	Marco legal	I.1 Versión 0


Para a realización do Plan Territorial de Continxencias por Contaminación Mariña de Galicia seguíronse principalmente as directrices establecidas no *Plan Nacional de Continxencias por Contaminación Mariña Accidental*, aprobado pola *Orde do Ministerio de Fomento de 23 de febreiro de 2001*, de acordo co artigo 87.3 da *Lei 27/1992, de 24 de novembro, de Portos do Estado e da Mariña Mercante*.

Adicionalmente, desenvolveuse tendo en conta a normativa autonómica e nacional de Protección Civil, a normativa autonómica, nacional e comunitaria de Protección do Mar, os Convenios Internacionais sobre protección do Medio Mariño e as normativas autonómica, nacional e comunitaria sobre protección do Medio ambiente.

Igualmente, se tivo en conta a estrutura dos Plans Territoriais xa aprobados por outras comunidades autónomas e os documentos de *Desenvolvemento do Plan Nacional de Continxencias para a Comunidade Autónoma de Galicia* elaborados polo Ministerio de Fomento, co fin de manter un formato uniforme a facilitar a integración de todos no Plan Nacional.

1. CONVENIOS INTERNACIONAIS.


- Convenio de Bruselas sobre intervención en Alta Mar en casos de accidentes que entrañen ou podan entrañar unha contaminación por hidrocarburos de 29 de novembro de 1969 e protocolo de 2 de novembro de 1973.
- Convenio Internacional para previr a contaminación polos buques MARPOL 73/78 e o seu Protocolo de 1978.
- Convenio de Londres de 29 de decembro de 1972 sobre prevención da contaminación do mar por vertedura de refugallos e outras materias, coñecido como LC/72 modificado polo protocolo ao convenio de Londres de 1976 (PLC/76). Ratificado BOE núm.77 de 31 de marzo de 2006.
- Convención das Nacións Unidas sobre o Dereito do Mar, do 10 de decembro de 1982. A parte XII é sobre contaminación.

 XUNTA DE GALICIA	PLAN CAMGAL	Anexo
	Marco legal	I.1 Versión 0

- Convenio sobre a protección do medio mariño do Nordeste Atlántico (OSPAR) suscrito en París o 22 de setembro de 1992 e ratificado por España mediante Instrumento de 25 de xaneiro de 1994, publicado no BOE núm. 150 de 24 de xuño de 1998.
- Acordo de cooperación para a protección das costas e das augas do Atlántico Nordeste contra a polución, do 28 de outubro de 1993.
- Convenio Internacional sobre cooperación, preparación e loita contra a contaminación por hidrocarburos de 1990 (OPRC 90) e o seu protocolo HNS 2000.
- Convenio Internacional sobre responsabilidade civil nacida de danos debidos a contaminación polos hidrocarburos para combustible dos buques, 2001, cuxa ratificación foi autorizada pola Unión Europea.

2. NORMATIVA EUROPEA


- Recomendación 78/584/CE relativa á ratificación de convenios sobre a seguridade do transporte marítimo.
- Resolución 79/487/CE do Consello, de 8 de xuño de 1993, relativa a unha política común de seguridade marítima.
- Directiva 2002/84/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 5 de novembro de 2002, pola que se modifican as Directivas relativas á seguridade marítima e á prevención da contaminación dos buques.
- Regulamento 1406/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de xuño de 2002, polo que se crea a Axencia Europea de Seguridade Marítima
- Regulamento 2099/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, de 5 de novembro de 2002, polo que se crea o Comité de Seguridade Marítima e prevención da contaminación polos buques (COSS) e se modifican os regulamentos relativos á seguridade marítima e á prevención da contaminación polos buques. Modificado polo Regulamento 415/2004 da Comisión de 5 de Marzo de 2004.

 XUNTA DE GALICIA	PLAN CAMGAL	Anexo
	Marco legal	I.1 Versión 0


- Directiva 2004/35/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de abril de 2004, sobre responsabilidade medio ambiental coa prevención e reparación de danos ambientais.
- Decisión marco 2005/667/JAI do Consello, de 12 de xullo de 2005, destinada a reforzar o marco penal para a represión da contaminación procedente de buques.
- Directiva 2005/35/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 7 de setembro de 2005, relativa á contaminación procedente de buques e a introdución de sancións para as infraccións.
- Directiva 2008/56/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de xuño de 2008, pola que se establece un marco de acción comunitaria para a política do medio mariño.

3. NORMATIVA ESTATAL

- Lei 10/1977, de 4 de xaneiro, sobre Mar Territorial.
- Lei 15/1978 de 20 de febreiro, sobre Zona Económica.
- Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas.
- Lei 27/1992, de 24 de novembro, de Portos do Estado e da mariña mercante e as súas modificacións.
- 16/2002, de 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.
- Lei 48/2003 de 26 de novembro, de réxime económico e prestación de servizos dos portos de interese xeral e as súas modificacións.
- Lei 42/2007, de 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.
- Lei 41/2010, de 29 de decembro, de protección do medio mariño.
- Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.
- Real decreto 849/1986, de 11 de abril, de aprobación do Regulamento de Dominio Público Hidráulico e as súas modificacións.

 XUNTA DE GALICIA	PLAN CAMGAL	Anexo
	Marco legal	I.1 Versión 0


- Real decreto 833/1988, de 20 de xullo, polo que se aproba, o regulamento para a execución da Lei 20/1986, básica de residuos tóxicos e perigosos e as súas modificacións.
- Real decreto 258/1989, de 10 de marzo, polo que se establece a normativa xeral sobre vertidos de sustancias perigosas dende terra ao mar.
- Real decreto 1471/1989, de 1 de decembro, polo que se aproba o regulamento xeral para desenvolvemento e execución da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas, modificado polo Real decreto 367/2010, de 26 de marzo.
- Real decreto legislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas (TRLA).
- Real decreto 1381/2002 de 20 de decembro, sobre instalacións portuarias de recepción de refugallo xerados polos buques e residuos de carga.
- Real decreto 210/2004, de 6 de febreiro, polo que se establece un sistema de seguimento e de información sobre o tráfico marítimo.
- Real decreto 253/2004, de 13 de febreiro, polo que se establecen medidas de prevención e loita contra a contaminación nas operacións de carga, descarga e manipulación de hidrocarburos no ámbito marítimo e portuario.
- Real decreto 399/2007, de 23 de marzo, polo que se aproba o protocolo de intervención da Unidade Militar de Emerxencias (UME).
- Real decreto 543/2007, de 27 de abril, polo que se determinan as normas de seguridade e de prevención da contaminación a cumprir polos buques pesqueiros menores de 24 metros de eslora.
- Real Decreto 638/2007, de 18 de maio, polo que se regulan as Capitanías Marítimas e os Distritos Marítimos.
- Real Decreto Legislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante.

 XUNTA DE GALICIA	PLAN CAMGAL	Anexo
	Marco legal	I.1 Versión 0


- Orde de 13 de outubro de 1989, sobre métodos de caracterización dos residuos tóxicos e perigosos.
- Orde de 31 de outubro de 1989, pola que se establecen normas de emisión, obxectivos de calidade, métodos de medida de referencia e procedementos de control de determinadas substancias perigosas contidas nos vertidos desde terra ao mar, modificada polas Ordes de 9 de maio de 1991 e 28 de outubro de 1992.
- Orden comunicada do Ministerio de Fomento de 23 de febreiro de 2001 pola que se aproba o Plan Nacional de Continxencias por Contaminación Mariña Accidental.
- Orde MAM/304/2002, de 8 de febreiro, pola que se publican as operacións de valorización e eliminación de residuos e a lista europea de residuos.
- Orde FOM/1392/2004, de 13 de maio, relativa á notificación e entrega de refugallos xerados polos buques.
- Orde FOM/555/2005 de formación para responsables en operacións con hidrocarburos no ámbito portuario.

4. NORMATIVA AUTONÓMICA

- Estatuto de Autonomía de Galicia. Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia.
- Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza.
- Lei 2/2004, do 21 de abril, pola que se crea o Servizo de Gardacostas de Galicia.
- Lei 3/2004 do 7 de xuño, de creación do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia.
- Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.
- Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia.

 XUNTA DE GALICIA	PLAN CAMGAL	Anexo
	Marco legal	I.1 Versión 0

- Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada por Lei 6/2009, do 11 de decembro.
- Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.
- Lei 10/2011, do 22 de decembro, de acción voluntaria.
- Decreto 154/1998, do 28 de maio, polo que publica o catálogo de residuos de Galicia.
- Decreto 87/2007, do 12 de abril, polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro Os Miñarzos.
- Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o inventario de humidais de Galicia.
- Decreto 130/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica e funcional do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.
- Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro, polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira.
- Decreto 162/2010, do 16 de setembro, polo que se regulan as entidades colaboradoras da Administración Hidráulica de Galicia en materia de control de verteduras e calidade das augas.
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as directrices de ordenación do territorio.
- Decreto 13/2012, do 4 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.
- Convenio de colaboración entre a Comunidade Autónoma de Galicia e o Ministerio de Fomento en materia de Salvamento e Loita contra a Contaminación Mariña Accidental. Asinado no 2006.

 XUNTA DE GALICIA	PLAN CAMGAL	Anexo
	Marco legal	I.1 Versión 0

5. CÓDIGOS INTERNACIONAIS DE APLICACIÓN EN MATERIA DE TRANSPORTE DE PRODUCTOS PERIGOSOS

- Código IMDG: Código Marítimo Internacional para o transporte de mercadorías perigosas.
- Código CIQ: Código Internacional da OMI para a construción e equipamento de buques de transporte de produtos químicos perigosos a granel.
- Código CIG: Código Internacional da OMI para a construción e o equipo de buques que transporten gases licuados a granel.
- Código BC: Código da OMI sobre seguridade relativa a cargas sólidas a granel.
- Código CIN: Código da OMI para a seguridade do transporte de combustible nuclear irradiado, plutonio e residuos radioactivos de alto índice de radioactividade en cargas a bordo de buques.